

Área: Comité Arbitral

Circular nº 19 - Temp. 25/26

RECORDATORIO DE PROCEDIMENTOS E RESPONSABILIDADES DO COLECTIVO ARBITRAL

Co obxectivo de garantir o correcto desenvolvemento dos encontros e manter a profesionalidade do noso colectivo, recordase a importancia de cumprir cos seguintes aspectos:

Desprazamentos

Cada encontro debe implicar un desprazamento por parte do colectivo arbitral. Cando os árbitros residan en distintos puntos xeográficos, recoméndase establecer un punto intermedio de encontro. Calquera excepción a esta norma deberá ser autorizada previamente polo Comité Arbitral. Nos partidos nos que participen auxiliares, é imprescindible coordinar o desprazamento de todo o equipo arbitral para asegurar a puntualidade e a correcta organización.

Se algunha localidade non está na táboa de quilometraxes, aplicarase a distancia indicada en Google maps no traxecto máis corto.

Gastos

Os gastos derivados dos encontros deberán solicitarse dentro dos prazos establecidos, preferentemente ao subir a acta do partido, de xeito que se dispoña da información en tempo real. Non obstante, enténdese que a solicitude pode realizarse unha vez finalizada a xornada, sempre cumprindo cos prazos marcados pola Federación.

Referente ás peaxes é imprescindible subir o ticket como xustificante, nas dietas é necesario o ticket do establecemento, non terá validez un xustificante de pago con tarxeta ao carecer de datos fiscais.

Anexos

Os anexos dos encontros deberán subirse preferentemente o mesmo día do partido, sendo responsabilidade de todo o colectivo arbitral participante e non só dunha persoa. A redacción deberá limitarse aos feitos observados, evitando xulgamentos de valor ou calificacións. No caso de deter un encontro por segunda vez debido a actos de violencia, é obrigatorio chamar ao teléfono de emerxencias, agás que a primeira interrupción fose motivada por insultos cara ao colectivo arbitral ou ás persoas presentes na pista, incluíndo deportistas e corpo técnico. Estas indicacións buscan facilitar unha correcta descrición dos feitos e garantir a seguridade de todos os participantes.

Uniformidade

A FGBm. proporciona o material completo ao colectivo arbitral, polo que é obrigatorio asistir aos encontros co chándal oficial e manter unha imaxe profesional en todo momento. Ademais, os árbitros deberán levar todas as equipacións dispoñibles para evitar confusións cos equipos participantes.

Para preservar a durabilidade do material, recoméndase lavar as prendas en auga fría e do revés, evitando mesturalas con roupa de algodón ou la, e non utilizar secadora, xa que pode deteriorar estampados e serigrafías. Calquera incidencia coa uniformidade deberá notificarse por correo electrónico a: cte.arbitral@fgbalonman.com.

Actitude previa/quecemento

Recoméndase realizar un mínimo de activación antes de cada encontro, incluíndo a revisión de porterías e exercicios articulares, sempre afastados da mesa de anotador/cronometrador e dos equipos. Lémbrese que o uso de teléfonos móbiles na pista está prohibido, salvo situacións de urxencia. No caso de partidos de categoría estatal ou sénior autonómica, é obrigatorio un quecemento acorde ao nivel de esixencia do encontro.

Actas

Nas categorías de Minibalonmán (Prebenxamín, Benxamín, Alevín 5 e Alevín 7), o acta do partido deberá subirse escaneada e reflectir os goles, non os puntos na aplicación de árbitros/as. Nas categorías Infantil, Cadete, Xuvenil e Sénior, ademais do anterior, as actas deberán realizarse de maneira dixital.

O cumprimento destas indicacións é fundamental para garantir a correcta organización dos partidos e manter a profesionalidade do colectivo arbitral. Agradecemos de antemán a súa colaboración e compromiso con estas normas.



En Vigo a 20 de decembro de 2025